

## ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS

### PRÁCTICA CLÍNICA I, PRÁCTICA CLÍNICA II E PRÁCTICA CLÍNICA III

As materias Práctica Clínica I, II e III que se imparten nos cursos 3º, 4º, e 5º no Grao en Medicina respectivamente, teñen un carácter transversal, e o obxectivo é iniciar ao estudiantado na práctica clínica e vivir o hospital e os centros de saúde participando en tódalas actividades médicas que se realicen (estadillos, sesións clínicas, visita médica, consultas, cirurxía menor, intervencións cirúrxicas, ...) adquirindo competencias clínicas xerais.

O estudiantado permanecerá cos seus titores/as durante o período de prácticas, establecendo unha relación docente/estudiante máis estreita, o que se considera que redundará nunha maior calidade da ensinanza e na satisfacción do profesorado e estudiantado. Para acadar estes obxectivos, as prácticas distribuiranse en dous grandes bloques: médico e cirúrxico.

É unha obriga do estudiantado ir correctamente identificado durante a súa estadía nos centros sanitarios a través da tarxeta identificable de estudante en prácticas. A estes efectos, a Unidade de Xestión da Facultade remitirá ao departamento de Recursos Humanos da EOXI de Santiago o listado do estudiantado matriculado na materia Práctica Clínica I para poder organizar por quendas a entrega das tarxetas no Punto de Atención ao Traballador (primeiro andar do Edificio Administrativo do Hospital Clínico Universitario de Santiago). Esta tarxeta deberá conservarse para os sucesivos cursos.

As materias organízanse en tres grupos cuxa orde de rotación irá variando para evitar que os momentos de maior traballo para o estudiantado recaian sempre nos mesmos grupos, polo tanto non se poderán realizar cambios de grupo nas prácticas. Os módulos das rotacións son de toda a mañá. As rotacións son as seguintes:

- **Práctica Clínica I:** dúas rotacións de 2,5 semanas, unha en cada semestre, alternando unha área médica e outra cirúrxica sempre que sexa posible. As quendas de rotacións por grupos serán CAB no primeiro semestre e BCA no segundo.
- **Práctica Clínica II:** dúas rotacións de 5 semanas, unha en cada semestre, alternando sempre que sexa posible unha área médica e outra cirúrxica. As quendas de rotación son ABC no primeiro semestre e CAB no segundo e, incluírán algunha garda.
- **Práctica Clínica III:** dúas rotacións de 5 semanas (unha en cada semestre), alternando unha área médica ou cirúrxica no CHUS e un Centro de Saúde ofertado polo centro (Área Sanitaria de Santiago) ou proposto polo estudante (neste caso non pode pertencer á Área Sanitaria de Santiago). As quendas de rotacións serán BCA no primeiro semestre e ABC no segundo.

O/a coordinador/a de cada materia establecerá o catálogo de prazas por servizos e unidades do CHUS e, en colaboración co Vicedecano de Clínicas, organizará ao estudiantado en grupos. Estes grupos non se poden alterar porque afectarían á distribución das prácticas correspondentes nas diferentes materias.

O sistema de adxudicación de prazas realizarase mediante un programa informático nos primeiros días de xullo, segundo a normativa elaborada a tal fin, co obxecto de deixar todo o curso planificado e notificado aos/ás titores/as antes do inicio do curso académico.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** JOSE MARTIN CARREIRA VILLAMOR, DECANO A DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2025 17:01:29.

**CSV:** B467-F7BA-477C-897D